





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 7929**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo, os datos e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas informacións referidas á matanza de dous cachorros de lobo e a decapitación dun macho adulto na Barbanza, durante a realización das batidas autorizadas pola Xunta de Galicia no verán de 2011”**, (publicada no BOPG núm.: 106, do 22 de maio de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, non ten constancia de cachorros de cánidos mortos en accións cinxéticas.

A Lei de Caza de Galicia é precisa sobre a propiedade das pezas de caza, polo que non procedeu iniciar ningún expediente para a aclaración da decapitación do cánido abatido no Barbanza.


A Xunta de Galicia non ten previsto tomar ningunha medida, xa que todas as situacións foron realizadas de acordo coa lexislación vixente.

En todas as batidas autorizadas, tanto no Barbanza como en outras zonas, é preciso que participen para coordinalas e vixialas axentes ambientais e vixilantes da Xunta de Galicia xa que é obriga da súa función. No momento que se relacionan os feitos non se tiña coñecemento de irregularidades na concesión de licenzas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The signature is cursive and appears to read 'Gonzalo José Ordóñez Puime'. The stamp is partially obscured by the signature.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia